

	 <p>Amigos da Terra</p>		amigosdaterra.net
--	---	--	-------------------

Amigos da Terra

Rúa Velázquez Moreno, 9 - 2º D. 36202 Vigo (Pontevedra)

Teléfono: [34] 986 229 089

e-mail: info@amigosdaterra.net

COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL E ETNOGRAFÍA DA SERRA DE SAN MAMEDE

O proxecto educativo de As Corcerizas entronca con tres eixos definitorios que aplicamos, como filosofía base, no desenvolvemento das actividades, proxectos e programas: Sentir, Coñecer e Actuar

Sinte o teu entorno multisensorial

Coñece os seus beneficios e as repercusións das nosas actuacións

Actúa de xeito cooperativo para a súa conservación

Co desenvolvemento das actividades de *Coñecemento do Medio Natural*, os/as participantes descubrirán que a Serra de San Mamede resulta un enclave natural excepcional para coñecer os valores ambientais do ecosistema de montaña galego e os recursos etnográficos do noso patrimonio.

Obxectivos

- Fomentar a conservación e o respecto polo patrimonio como un ben ambiental, social e económico.
- Iniciar ao/á alumno/a no coñecemento multidisciplinar do entorno e da problemática asociada.
- Comprender o concepto e recoñecer un proceso de antropización do medio.
- Dar a coñecer e revalorizar o patrimonio da Serra de San Mamede: flora e fauna do ecosistema de montaña e etnografía asociada

Levaremos a cabo unha **ruta interpretativa pola serra**, na que destacan os pastos, carballeiras e os imponentes cumios da serra. Pero esta idílica visión contrasta coa paisaxe duramente transformada pola acción do ser humano que se observa noutras partes da montaña, facendo reflexionar aos/ás participantes sobre a problemática dos lumes, talas masivas, ou reforestacións con especies foráneas. Descenderemos **ata un pobo típico de montaña, Rebordechao**, onde o alumnado poderá coñecer o funcionamento da forxa, o muíño, as colmeas tradicionais, cómo se cocía o pan e a utilidade dos fornos comunais.

Destinatarios/as: a partir de 1º da E.S.O.

*amigos da terra forma parte de amigos de la tierra internacional [foei], unha federación de organizacións de todo o mundo activas en campañas para protexer o medio ambiente e crear sociedades sostibles
amigos da terra figura no rexistro central de asociacións co número 84/98*

